

CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE



Programa de



Estimulación da



Linguaxe



Oral



Taller de estimulación da linguaxe oral (PELO)

O programa de estimulación oral xurde como resposta á diversidade no desenvolvemento dos nenos e nenas no ámbito lingüístico na etapa infantil, e tendo en conta a importancia da linguaxe como medio de comunicación e representación (estreitamente vinculado ao coñecemento e ao pensamento) que nos axuda a regular a nosa conduta e a allea; intentarase estimular o desenvolvemento desta e das capacidades cognitivas do neno en EI, previndo así a aparición de posibles alteracións lingüísticas, en toda a extensión que a aula de audición e linguaxe contempla (fonética-fonolóxica, léxica, semántica, pragmática). O programa que se seguirá fundamentalmente será o establecido polo grupo "comunicarnos" por tratarse dun programa con fundamentación neuro-científica e respectando os fitos evolutivos do alumnado. Este pode sufrir modificacións no material que se empregue.

Necesidade de un taller de estimulación da linguaxe oral:

- Como elemento dinamizador e estimulador do desenvolvemento da linguaxe.
- Como elemento preventivo de posibles alteracións e interventor nas necesidades existentes.

Obxectivos xerais:

1. Detectar, previr e intervir en posibles alteracións lingüísticas.
2. Estimular o desenvolvemento comunicativo na poboación escolar.
3. Promover os prerequisites da lectoescritura e as funcións executivas.
4. Favorecer a integración escolar e social do neno.

Metodoloxía: A aprendizaxe da linguaxe oral require un grao de motivación, interacción con outras persoas, polo que a metodoloxía é lúdica, dinámica, globalizada, participativa, investigadora e guiada por un eixo temático, un marco simbólico no que a través do traballo cooperativo e colaborativo os alumnos progresen no uso da linguaxe oral, respectando as diversas formas de expresión e valorando as dúas linguas (galego e castelán) nas que nos comunicamos de xeito habitual. Desta maneira introducirase o programa sen que supoña una ruptura na planificación diaria da aula, plantexándose nas seguintes situacións:

- En situacións de Gran Grupo, onde todo o grupo, guiados pola titora e a mestra de AL participarán por equipos ou de forma individual na actividades.
- En pequeno grupo, o/a titor/a da aula xunto coa mestra de AL traballarán en pequenos grupos (5-6 alumnos) en situacións de mesa.
- En situacións de pequeno grupo autónomo, onde os menos/as que xa coñecen as dinámicas, as actividades e os materiais (porque xa foron traballados con anterioridade) dispoñen dun recuncho onde teñen os materiais e poden úsalos de forma autónoma.

O que persigue este programa é un traballo secuenciado, sistemático e organizado con actividades destinadas a construción de aprendizaxes significativos, coherentes e xeneralizables. Tal e como se sinala con anterioridade o programa a seguir será o establecido polo grupo *Comunicarnos*, no que se plantexan as programacións para levar a cabo con 4º, 5º e 6º de Educación Infantil.

ETAP A	ENLACE O PROGRAMA
4ºE.I.	https://siembraestrellas.blogspot.com/search/label/PROGRA.%20COMUNICARNOS%203%20A%C3%91OS
5ºE.I.	https://siembraestrellas.blogspot.com/search/label/PROGRA%20COMUNICARNOS%204%20A%C3%91OS
6ºE.I.	https://siembraestrellas.blogspot.com/search/label/PROGRA%20COMUNICARNOS%205%20A%C3%91OS

Temporalización: Unha sesión semanal.